

BASES OLIMPÍADA LETRAS GALEGAS 2023

“FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”

- **Inscrición: Ata ás 11:45 horas do venres 12 de maio.**
- **Datas: Do venres 12 ao xoves 18 de maio.**
- **Participantes:**

A participación será individual e haberá dúas categorías:

- **Primaria (de 3º a 6º)**
- **Secundaria**


❖ BASES

- **Introducir a folla de inscrición, a disposición na biblioteca, debidamente cumprimentada na caixa correspondente.**
- **O venres 12 de maio publicarase a lista de participantes no taboleiro da Biblioteca.**
- **As preguntas estarán relacionadas coa información que aparece nos paneis da exposición e @s participantes na Olimpíada terán preferencia no uso dos ordenadores durante a súa celebración.**
- **Cada mañá, publicarase unha pregunta no taboleiro da Biblioteca así como a resposta correcta anterior e o listado de participantes que seguen no concurso.**
- **A resposta correcta e completa a esa pregunta depositarase nas caixas preparadas para iso.**

- *Serán descalificadas todas aquelas respostas incorrectas, incompletas ou que conteñan faltas de ortografía. Tamén se eliminarán aquelas que non fagan uso de maiúsculas de ser preciso.*
- *Serán eliminados aqueles/as participantes que respondan máis de unha vez a cada pregunta.*
- *Ás 16:00 de cada día recollerase a caixa coas respostas.*

❖ **ENTREGA DE PREMIOS**

A persoa gañadora de cada categoría recibirá un agasallo. No caso de ser varias as persoas, realizarase un sorteo público na romería das Letras Galegas.



ORGANIZA: EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

COLABORA: EQUIPO DE BIBLIOTECA

CPI PROGRESO CATOIRA